



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
Servizos Centrais

Expediente: 5846/407

**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DA OBRA DE EXECUCION
SUBSIDIARIA DE DERRUBA DE NAVES EN A LAGOA-TEIS**

ASISTENTES:

Presidente: Carmen Silva Rego

Vocais: Luís García Alvarez, Interventor Xeral
Gustavo Rodríguez Bartol, xefe de Asesoramento xurídico da Xerencia
María López Carneiro, Xerente de urbanismo
Juan González Ramírez, Xefe dos Servizos centrais
Juan L. Piñeiro Ferradás, arquitecto de Obras e servizos municipais
David Carvajal Rodríguez-Cadarso, arquitecto de Obras e servizos municipais

Secretaria: Purificación Vega Rubio

DATA: 27 de abril 2012

HORA: 10,30 horas

OBXECTO: valoración da xustificación das baixas temerarias e proposta de adxudicación se procede.

LUGAR: sala de xuntas da Xerencia municipal de urbanismo.

Sendo as 10,30 horas estando presentes todos os membros da mesa de contratación, iniciase a revisión das xustificacións das baixas temerarias, presentadas dentro do prazo establecido, así como ó análise do informe elaborado polos arquitectos do departamento de obras e servizos municipais, de data 24 de abril que se transcribe a continuación:

"INFORME - PROPOSTA

Redáctase o presente informe a petición da Mesa de Contratación da Xerencia Municipal de Urbanismo Concello de Vigo, co obxecto de valorar as ofertas presentadas para a realización das obras de derruba das naves recollidas no expediente, evaluando concretamente as que poidan estar incluídas nun suposto de baixa temeraria.

O proxecto de execución foi redactado polos arquitectos da Oficina de Obras e proxectos municipais da Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo, Juan Luís Piñeiro Ferradás e David Carvajal Rodríguez-Cadarso, cun orzamento de contrata incluíndo IVE de 84.767,76 euros.

Durante o prazo sinalado no anuncio do Concello de Vigo para a presentación de proposicións, dentro do Procedemento para a contratación das Obras de demolición de naves en "A Lagoa" (execución subsidiaria do expte. 15.791/423), presentáronse as propostas que se recollen no seguinte cadro, admitidas pola mesa de contratación:

1) EXCAVACIONES OLLOQUIEGUI S.A.



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
Servizos Centrais

Expediente: 5846/407

- 2) ANLLAR CONSTRUCCIONES S.L.
- 3) DEMOLICIONES ZABAR S.L.
- 4) ARIAS HERMANOS CONSTRUCCIONES S.A.
- 5) COPCISA S.A.
- 6) PROYECTA ACTIVIDADES PROFESIONALES DE LA CONSTRUCCIÓN S.L.
- 7) ALDASA CONSTRUCTORA S.L.U.
- 8) XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L.
- 9) TERRAUGA PROYECTOS Y OBRAS S.L.
- 10) CONSTRUCCIONES CRESPO S.A.
- 11) ORESA S.L.
- 12) DIVICOTEL S.L.
- 13) MILCONS S.L.
- 14) EIRIÑA S.L.
- 15) CONSTRUCCIONES VALE S.L.
- 16) CONSTRUCCIONES Y DESMONTES RIBERA NAVARRA S.A.
- 17) LEZAMA DEMOLICIONES

Das mesmas, incurren no suposto de baixa temeraria as seguintes:

EMPRESA	PREZO OFERT. (ive incluído)
1. CONSTRUCCIONES Y DESMONTES RIBERA NAVARRA S.A.	18.000,00 €
2. LEZAMA DEMOLICIONES	26.361,20 €

Estas ofertas atópanse incursas en presunción de temeridade, polo que a mesa acorda que se inicie o procedemento para determinar a existencia ou non de temeridade, solicitando das empresas referidas as alegacións que estime convenientes e a documentación oportuna que xustifique a baixa presentada.

O día 20 de abril de 2012 as devanditas empresas achegan os correspondentes escritos nos que se recollen as memorias xustificativas das baixas ofertadas.

1. CONSTRUCCIONES Y DESMONTES RIBERA NAVARRA S.A.

Unha vez revisada a documentación aportada pódese comproba-lo seguinte:

- A empresa xustifica a baixa ofertada en base o grao de especialización acadado en materia de derrubas e pola súa implantación na Comunidade Autónoma de Galicia con diversas obras recentes, o que tradúcese nun alto coñecemento de xestores, provedores e subcontratistas. Por outra banda, fai referencia ó aproveitamento dos recursos propios da empresa e do seu parque de maquinaria propio, contando con medios materiais, personais e técnicos necesarios para a execución da obra sen necesidade de subcontratación algunha.
- Refírese así mesmo a un suposto incremento de garantía definitiva dos traballos de un 10%, así coma da dispoñibilidade dunha oficina para o seguemento da obra na cidade de Madrid. Dende este servizo técnico enténdese que este apartado non resulta procedente.
- Achégase orzamento detallado con prezos descompostos das unidades mais significativas da obra, no que se reducen de xeito sustancial os importes recollidos en proxecto.

Rey Ue



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
Servizos Centrais

Expediente: 5846/407

- Finalmente, achégase oferta da empresa Chatarrería Bellagona S.L. para a adquisición do material férreo xerado na derruba, por un importe de 28.300,00 Eur, así coma unha relación de certificados de boa execución e certificados ISO e RERA.

Procédese á revisión dos prezos unitarios presentados pola empresa para as diversas partidas de obra, comparándoos con partidas semellantes obtidas de Bases de Datos actualizadas e con obras semellantes xa contratadas e executadas polo Concello de Vigo. Neste sentido, os prezos recollidos na oferta achegada son esaxeradamente baixos, considerando uns rendementos de maquinaria e persoal moi superiores ós aplicables en condicións normais, polo que se entende que os mesmos non se axustan a prezos reais de mercado.

En conclusión, dende este servizo técnico considérase que non resulta adecuadamente xustificada a posible a execución da obra que se contrata polo prezo ofertado pola empresa "RIBERA NAVARRA S.A.", por un importe total de 18.000,00 euros, dado que baséase en prezos e rendementos non axustados a valores reais de mercado.

2. LEZAMA DEMOLICIONES

Unha vez revisada a documentación aportada pódese indica-lo seguinte:

- A empresa xustifica a baixa ofertada en base o seu grao de especialización, experiencia e aproveitamento de recursos propios.
- Achega unha xustificación do presuposto a partir de partidas xenéricas, sen medición nen descomposición de prezos, polo que non cabe considerar xustificada a procedencia dos prezos ofertados.
- Indican unha estimación de rendementos de 12.000 m²/mes, máis non se xustifica a mesma nin se fai referencia á repercusión que estes rendementos teñen no prezo ofertado.

En consecuencia, dende este servizo técnico considérase que non resulta xustificada a posible a execución da obra que se contrata polo prezo ofertado pola empresa "LEZAMA DEMOLICIONES", por un importe total de 26.361,20 euros, dado que non se achegan datos contrastables que poidan validar os prezos indicados."

A vista do informe anterior a mesa acorda non aceptar as xustificacións das empresas Construcciones y desmontes Ribera Navarra, S.A. e Lezama Demoliciones, polo que propón ó Consello da Xerencia a adxudicación á empresa COPCISA, S.A. por ser a que presenta a oferta máis ventaxosa.

E sen máis asuntos que tratar dase por finalizada a reunión sendo as 10:45 horas do día arriba sinalado.

Payllé